



Manual de **compostaxe** doméstica e recollida selectiva



sogama | 




ÍNDICE:

A. COMPOSTAXE DOMÉSTICA	2
1. EN QUE CONSISTE	3
2. APLICACIÓN DO COMPOST	3
3. BENEFICIOS DO COMPOST	4
4. REQUISITOS PARA FACER COMPOST	5
5. O COMPOSTEIRO	6
6. MATERIAIS A DEPOSITAR NO COMPOSTEIRO	8
7. PROCESO A SEGUIR	10
8. O CONTROL DA COMPOSTAXE	15
9. PROBLEMAS E SOLUCIÓNNS	16
B. RECOLLIDA SELECTIVA	18
10. CONTEDOR AMARELO	19
11. CONTEDOR AZUL	20
12. IGLÚ VERDE	21
13. CONTEDOR MARRÓN	22
14. CONTEDOR XENÉRICO	24
15. CONTEDOR PILAS	25
16. PUNTOS LIMPOS	26



En Galicia, cada persoa xera 1,15 quilos de residuos ao día. En torno ao 37 % do lixo producido no fogar está conformado por materia orgánica que pode ser empregada para elaborar compost, un abono natural con excelentes propiedades para o solo.



Se resides nunha vivenda que dispoña de terreo (horta, xardín), non dubides en elaborar o teu propio compost.

Vantaxes da compostaxe doméstica:

- **Eliminarás** ou reducirás o excesivo uso de fertilizantes químicos.
- **Diminuirás** a frecuencia de recollida dos contedores xenéricos por parte dos servizos municipais, así como o custo económico da súa xestión e tratamento.
- **Reducirás** a cantidad de desprazamentos que debes realizar aos contedores.

1. EN QUE CONSISTE

A compostaxe doméstica é o proceso de descomposición biolóxica da **materia orgánica xerada no fogar**, como é o caso dos restos de comida e podas, a través do que se obtén o compost, que pode ser empregado como acondicionador de solos en xardíns e hortas.



2. APLICACIÓNNS DO COMPOST

Se as condicións son boas, en poucos meses xa se pode recoller o compost, que semella terra de cor negra ou marrón escuro, con cheiro a monte, e que contén substancias nutritivas que melloran a calidade do solo.

Se produces moito compost, podes mesturalo con terra, reencher plantóns e transplantes, ou diluílo en auga, tendo en conta que a auga compostada, dada a súa concentración de nutrientes, é moi beneficiosa para o rego.

No caso de que obteñas pouca cantidade, podes mesturalo con terra e usalo como turba ou terra especial para sementes e transplantes.



3. BENEFICIOS DO COMPOST

Sobre a estrutura do solo

Debido ao seu carácter aterronado, o compost facilita a formación de conglomerados, permitindo así manter unha correcta aireación e humidade do solo.



Sobre a saúde do solo

Dada a súa condición de produto natural, sen compostos químicos e libre de patóxenos, actúa en moitos casos como bactericida e funxicida.

Sobre as plantas

Ao ser un producto rico en nutrientes e macronutrientes, o compost convértese nun excelente abono, contribuíndo a que as plantas teñan unha maior resistencia ás pragas e enfermidades.



4. REQUISITOS PARA FACER COMPOST

- Un espazo axeitado na horta ou xardín.
- Un composteiro onde depositar os restos orgánicos (aínda que se trata dun recipiente que non é imprescindible).
- Residuos de cociña (restos de verduras, froitas...).
- Residuos do xardín (restos de poda, follas secas, céspede...).
- Un aireador (pincho, pala...) para remover o compost.
- Unha pala para recoller o abono obtido.
- Auga.



5. O COMPOSTEIRO

O composteiro é un recipiente que facilita a circulación do aire no seu interior, onde se introducen os restos orgánicos, permitindo unha óptima accesibilidade, tanto para depositar residuos como para extraer o abono resultante.

A súa función é a de manter as condicións axeitadas de temperatura e humidade para elaborar o compost, evitando así mesmo a entrada de pequenos animais e roedores que poden alterar o proceso.

Tal e como se veu facendo tradicionalmente, tamén se pode elaborar abono directamente no solo.

Vantaxes do composteiro:

- **Permite** manter a zona limpa e recollida.
- **Acelera** o proceso de compostaxe.
- **Evita** malos cheiros.
- **Facilita** o control das condicións axeitadas de humidade, temperatura e osíxeno.
- **É de fácil montaxe** e sinxelo mantemento.





6. MATERIAIS A DEPOSITAR NO COMPOSTEIRO

Para obter un compost de calidade, o mellor é empregar diferentes materiais, tendo en conta que, tanto máis triturados estean, maior será a rapidez da súa descomposición e fermentación.

O QUE SI PODO DEPOSITAR

- Restos de comida: froitas e verduras, casca de ovo, arroces e pasta cocida, pan, peixe e carne de forma moderada.
- Pousos de café, té e infusóns.
- Cinzas e serraduras de madeira non tratada.
- Papel, cartón, xornais.
- Restos de poda, raíces, follas, céspede e material de xardín.
- Restos de colleita da horta, sen pesticidas ou fitosanitarios.
- Esterco de animais herbívoros.
- Po e pelo do aspirador, fibras naturais, pelos, anacos de teas naturais, plumas.



É preciso conseguir **unha mestura cunha humidade, temperatura e osixenación óptimas**, capaz de manter o equilibrio entre:

- Materiais frescos e húmidos (froitas, verduras, céspede...), que aportan humidade.
- Materiais secos (follas secas, ramas, cartón, cinza, serraduras...), que favorecen a aireación e osixenación da mestura.

O QUE **NON** PODO DEPOSITAR

- Aceites vexetais e minerais.
- Restos de plantas enfermas ou con pesticidas, insecticidas, etc.
- Madeira tratada con pinturas, vernices, etc.
- Produtos lácteos.
- Follas de piñeiro ou eucalipto.
- Excrementos humanos ou de animais domésticos carnívoros (cans, gatos...).
- Medicamentos.
- Cueiros desbotables.
- Papel de cor brillante, impreso con tinta de cor ou plastificado.
- Obxectos duros, pedras, vidro, metal, plástico, envases, baterías...



9

7. PROCESO A SEGUIR

En primeiro lugar, debe colocarse o composteiro nun lugar axeitado:

- 1.** En contacto directo coa terra, para que os organismos descompoñedores teñan un fácil acceso ao interior do recipiente. Nunca sobre asfalto, cemento ou outro pavimento, xa que se impediría a colonización destes organismos. É recomendable colocar na parte inferior unha rede para evitar o acceso de ratos, toupeiras...
- 2.** Nunha zona sombreada, protexida de cambios bruscos de temperatura e de humidade. Próximo á vivenda, por comodidade.
- 3.** Unha vez situado no lugar idóneo, debemos comenzar a depositar no mesmo os restos orgánicos procedentes da cociña e do xardín, do menor tamaño posible, para favorecer a súa descomposición.






1.

3.



4.



15 cm.

6.



5.



4.

No fondo do composteiro formamos unha capa de restos de poda de 10 - 15 centímetros de altura, favorecendo con isto a aireación e a drenaxe dos residuos acumulados.

5.

A continuación engadimos os restos orgánicos procedentes da cociña.

6.

Despois colocamos outra capa de restos de poda, e así sucesivamente.



8. O CONTROL DA COMPOSTAXE

Os factores fundamentais que interveñen no proceso de maduración do compost son os seguintes:



TEMPERATURA: Debe atoparse arredor dos 50 - 60º C.



HUMIDADE: A mestura ten que estar húmida, pero non mollada, xa que provocaría a súa putrefacción. Para isto é preciso xogar cos materiais secos e húmidos que vaimos introducindo no composteiro. Unha forma sinxela de medir a humidade da mestura é coller unha presa e apertar coa man. Se queda compacta, ten a humidade xusta; se se esfarela, está seca; e, se pinga, está moi húmida.

En función dos resultados, poderemos secar ou humedecer facilmente, engadindo materiais secos ou húmidos, segundo o caso.



OSÍXENO: O compost só se logrará se hai presenza de osíxeno (é un proceso aerobio), polo que, en ocasións, será necesario remexer a mestura para aireala.



9. PROBLEMAS E SOLUCIÓNS

Problema		Significado	
Material moi compacto e con mal cheiro	→	Possible exceso de humidade e/ou falta de ventilación	_____
Cheiro a amoníaco	→	Demasiados materiais ricos en nitróxeno	_____
Baixa temperatura	→	Pouco material ou falta de humidade	_____
Temperatura moi alta	→	Insuficiente ventilación	_____
Material frío e húmido	→	Exceso de auga	_____
Material frío e seco	→	Falta de auga	_____
Presenza de moscas	→	Exceso de humidade	_____
Presenza de roedores	→	Atraídos por algún residuo	_____
Presenza dunha capa branca de fungos			_____
Presenza de insectos	→	Condicións ambientais	_____

Solución

→ Mesturar material seco (palla, follas secas...) e remexer para permitir a entrada de aire e así evitar la putrefacción

→ Engadir compoñentes secos ricos en carbono como serraduras, restos de poda... e remexer

→ Engadir máis material ou regar

→ Remexer

→ Remexer e engadir materiais secos (serraduras, pólas...)

→ Regar

→ Engadir material estruturante (pequenas pólas, palla) e remexer

→ Mesturar os materiais e tapar

→ Non supoñen problema algúń

→ Non presentan inconveniente. Son descompoñedores



O cidadán desempeña un papel fundamental na xestión sostible dos residuos municipais. A súa colaboración na redución da producción de lixo, a través dun consumo racional e responsable, a reutilización de produtos o maior número de veces posible antes de convertelos en residuos e a súa activa participación nos mecanismos de recollida selectiva, propiciarán que a porcentaxe de lixo sometido a tratamento final sexa menor, coas conseguintes vantaxes ambientais, económicas e sociais.

Unha correcta separación dos residuos por tipoloxías e o seu posterior depósito nos contedores correspondentes incrementa, non só a cantidade, senón tamén a calidade dos materiais recuperados, o que permite pechar o seu ciclo de vida ao transformalos en novos recursos.

B

RECOLLIDA SELECTIVA

10. CONTEDOR AMARELO

Envases de plástico, latas, briks e plástico film.

- Envases de plástico tales como botellas de auga, refrescos e leite, botellas de produtos de limpeza, xeles de baño, colonias e xampú, terrinas de manteiga, envases de iogur...
- Latas de conservas e bebidas, bandexas de aluminio, tapóns metálicos de botellas e tapas de frascos...
- Briks de leite, viño, zume, batidos, caldos...
- Plásticos film (bolsas finas, plástico para envolver), bolsas de conxelados, bolsas de aperitivos e lambetadas, bolsas plásticas...



NON debemos depositar

Residuos de plástico que non
sexan envases: xoguetes,
cepillos de dentes, cables
eléctricos...

11. CONTEDOR AZUL

Papel e cartón.

- Xornais e revistas.
- Cadernos (sen argolas ou grampas).
- Caixas de cartón.
- Papel de envolver ou de embalar.
- Oveiras de cartón.
- Acolchado de embalaxes de papel ou cartón.



NON debemos depositar

Papeis de calco e plastificados, papel e cartón sucios de graxa, envases brik ou cueiros.



12. IGLÚ VERDE

Envases de vidro.

- Botellas.
- Tarros de marmelada ou de conservas.
- Frascos de colonia ou de cosmética.



NON debemos depositar

Tapas metálicas, tapóns e cortizas,
así como todos os vidros especiais
tales como parabrisas, pantallas
de televisión e computador,
lámpadas, espellos, cristal de
fiestras, vasos, porcelana ou
cerámica.



21

13. CONTEDOR MARRÓN

O contedor marrón posibilita a recuperación da materia orgánica xerada naqueles fogares que non teñen a opción de desenvolver o proceso de compostaxe doméstica (para usuarios que non habiten en vivendas unifamiliares que dispoñan de terreo).

O tratamento destes residuos orgánicos realiza-se en plantas industriais de biorresiduos nas que se obtén compost, que posteriormente se emprega, como emenda orgánica e fertilizante, na agricultura, espazos verdes e xardinería.


Materia orgánica

Todo tipo de restos de comida:

- Carne, peixe e marisco.
- Froitas, legumes e hortalizas.
- Peladuras de pataca, cascás de ovo e froitos secos.
- Pasta, arroz, pan, cereais ou galletas.
- Pousos de café e infusións.

Outros materiais como:

- Restos de plantas, flores, follas secas ou herba.
- Papel de cociña usado e panos de mesa.
- Tapóns de cortiza natural.
- Bolsas compostables.



NON debemos depositar

- Aceite de cociña ou calquera outro líquido.
- Papel hixiénico, cueiros, compresas ou tampóns.
- Ramas de podas.
- Restos aspirados ou varridos e cinzas.
- Calquera outro material que teña cabida no resto dos contedores de recollida selectiva.

14. CONTEDOR XENÉRICO

Fracción resto.

- Luvas e máscaras desbotables.
- Cueiros, compresas.
- Bastonciños de algodón.
- Toalliñas desbotables.
- Bolígrafos.
- Papeis e cartóns manchados.
- Vaixelas e cubertos.
- Xoguetes rotos de pequenas dimensíóns.
- Obxectos de plástico ou metal que non sexan envases.




NON debemos depositar

Aqueles materiais que teñan
cabida no resto dos
colectores de recollida
selectiva.

15. CONTEDOR PILAS

Pilas e baterías de uso doméstico.

Podémolo atopar nas casas
consistoriais, centros escolares,
centros sociais ou establecementos
comerciais.



16. PUNTOS LIMPOS

Son espazos para a achega voluntaria de residuos que non poden ser xestionados polos servizos convencionais de recollida, tanto polo seu tamaño (residuos voluminosos) como pola súa composición (residuos perigosos).

- Residuos perigosos xerados no fogar (fluorescentes, vernices, aceites, envases de pintura...).
- Restos metálicos.
- Voluminosos (mobles, colchóns...).
- Aparellos eléctricos e electrónicos (lavadoras, frigoríficos, televisores, computadores...).
- Residuos de pequenas obras en domicilios.






Más información en:
www.sogama.gal

SOGAMA
Morzós, 10 - As Encrobas.
15187 Cerceda (A Coruña)

NOTAS

NOTAS



sogama

